

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL
ANO VIII — NÚMERO 199 - 1.º Abril 1924

Caso único

Unha violación e unha imposición

Este número de «A Nosa Terra» non foi impreso como se adoitaba nos talleres de «El Noroeste».

Agora diremos, para que se sepa sen voltas nen rodeos, o caso único na historia da imprenta cruñesa que nos ocorreu co señor xerente de «El Noroeste», D. Xosé García Acuña.

Sabido é que algúns señores d'esta cidade dirixíronse aos Académicos da Gallega nunha carta circular co ouxeto de evitar unha vergonza e un desprestixio para a Corporación, carta que comentou «El Noroeste» á súa maneira.

Sabido é tamén que o Sr. Castillo foi destituído do seu cargo de Delegado Régio de Bellas Artes, e nomeado para sustituílo o Sr. García Acuña.

Pois ben: imaxinando que, como era de supoñer, en «A nosa Terra», habíamos falar algo d'estas cousas, o señor xerente D. Xosé García Acuña, deu orden na imprenta que non se tirara o noso boletín sen denantes amosarlle os orixinales, sen ter en conta que o xornal e noso e baixo a nosa responsabilidade podemos dicir o que nos pareza comenente, estralimitándose nas suas funcións.

As cousas socederon como tiñan que soceder. O señor Acuña leu os orixinales, e como non lle pareceu ben as verdades que se din, ou mellor aínda, como non lles conviña aos de «El Noroeste» que se lles arringase d'unha vez a careta de señores amables e ceremoniosos con que encubren as suas raposadas, intimaron aos nosos que retiraran os artigos e notas que tanto lles escocían, ou do contrario non sería impreso o número.

Pretendeuse primeiro unha forma de solucionar o conflito, mais ante a imposición intolerable, e a mais intolerable violación dos nosos dereitos, impúxose ao cabo a resolución de facer a impresión de «A Nosa Terra» noutra imprenta.

Debemos facer constar aquí o noso agradecimento e a nosa estima para os intelixentes obreiros que viñan confeccionando o xornal, dos que gardamos grata lembranza.

Agora vexan os nosos lectores o que aos de «El Noroeste» non lles conviña que dixéramos.

A presidencia da Academia Galega

Pol-a prensa de Galicia conocen os nosos lectores todo o revuelo que se armou con motivo d'unhas cartas que un grupo de cruñeses dirixiron aos académicos facéndolles presente a necesidade de pensar seriamente en elixir un académico que reuna os necesarios méritos pol-a súa obra en favor da historia, literatura e demais aspectos da vida de Galicia, para a presidencia da Academia, vacante pol-a morte do ilustre señor Martínez Salazar. Xugamos innecesaria a publicación n'estas columnas da referida carta, xá que é de todos conocida e cantos a leron tiveron ocasión de ollar nos termos de corrección e alteza de miras en que foi inspirada. A maior parte da prensa acolleuna favora

brememente, reconecendo a realidade de canto n'ela decíase. Somentes houbo dos xornás, os dous da Cruña, que pretenderon desviar a custión dándolle un carácter que non tiña. Foron «La Voz de Galicia» e «El Noroeste». Como se permitiron dicir cousas que non eran certas e mixturaron no preito á «Irmandade da Fala» da Cruña e a A NOSA TERRA, queremos nós poñer algunhas cousas en craro, dicindo con toda exactitude a verdade do que sucedeu.

ORIXE DA CUSTION

Na actualidade ocupan os cargos directivos da Academia os Sres. Estrada Catoyra, Rodríguez González e Ponte Blanco, figurando como presidente accidental, Segretario e tesoreiro, respectivamente. Este Consello, supoñemos que co'a excepción do tesoreiro, dirixiuse aos académicos propoñéndolles a designación do Sr. Ponte Blanco para presidente. Sabido esto foi cando o grupo de cruñeses dirixiuse tamén aos académicos facéndolles ver que o señor propositado non tiña os méritos que esixen os estatutos da Academia para ser presidente d'ela. E nada mais xusto. O señor Ponte Blanco non fixo endexamais nada que signifiquese estudo de ningunha materia referente á vida de Galicia. Así o reconeceron todol-os xornás é tamén moitos académicos. Que se nos cite unha obra súa que lle dé os méritos de que carece.

PATERNIDADE DAS CARTAS

«El Noroeste» e «La Voz de Galicia», vendo como á cousa iba tomando aspecto de publicidade e ollando como todo o mundo reconecía a verdade e exactitude do que se decía nas cartas, pretenderon desviar a custión decindo que era unha trama urdida na nosa Irmandade contra o prestixio da Academia. Con respecto ao do prestixio ben patentizado quedou que non había tal cousa na carta, rectificando que enviaron aos xornás e que publicaron no «Orzán» e «El Ideal Gallego». O «Noroeste» non a publicou, demostrando con elo unha parcialidade manifesta.

Non foi na Irmandade onde se urdiu o que a «Voz» chamou trama. Se así fora, levaría como en total-as ocasións a paternidade d'ela que nunca negou ás cousas que fixo. Foron un grupo de señores, a quenes pretendendo molestar chamaron «jóvenes» cando a maioría pasaba xá dos trinta. Mais pol-a nosa parte non podendo dicir que foi cousa nosa porque non é certo, non temos incomenente, e así o proqramamos en nos facer solidarios de canto nas cartas decíase, seguros da grandeza dos seus propósitos. E xá que a nos non nos cabe a honra de sermos os autores das campañas non nos queda outra cousa que apraudir sinceira e entusiasticamente a actitude digna, rexa e galeguista, dos firmantes. Conste así para conocimiento de todos.

ALLUSIOS A NOS

Contestando á rectificación dos firmantes, dixo el «El Noroeste» que no número de A NOSA TERRA do 1.º de Xunio de 1923 atacábase ao Sr. Martínez Salazar, e copiaba d'un artigo encol do seu nomeamento de presidente o que millor lle conviña. Primeiramente xá non era eso o que se debatía e pol-o tanto ben craro quedou demostrado que non tendo razóns que alegar aos firmantes

Este número foi sometido á censura militar

das cartas, desviaba a cuestión a un terreo que non era o xusto nen tiña nada que ver co que se discutía. Por outra parte, vexan os nosos lectores o que decíamos no referido artigo:

"A "Academia Gallega" que para non ser galega nin no nome, chámase "Real", e ademais fai todol-os traballos en castelán, acaba de nomear, según no derradeiro número dixemos, seu presidente pol-a vacante do ilustre Murguía ao Sr. Martínez Salazar.

Nosos maiores respetos para o Sr. Martínez Salazar. Home culto, home bon, home traballador e venerable, cúa longa e fecunda vida foi sempre merecente do noso aprauro. Pero o Sr. Martínez Salazar non é galego. Por iso a súa consagración na presidencia da Academia é unha vergoza para Galicia. ¿Pero é que entre todol-os académicos galegos non hai un que seña merecente da presidencia? D-aquela compre por decoro que Academia se peche para sempre. E o peor foi que resultou elixido por unanimidade. E si o ser elixido quer dicir que os demais non teñen valimento científico, o sel-o por unanimidade quer dicir que tampouco teñen sentimento patriótico".

E vexán tamén o que decíamos no número 185 anterior a iste:

"O día 12 celebrou xunta esta entidade cultural galega para desinar o novo presidente e mais o tesoreiro.

Por unanimidade resultou elixido para a presidencia D. Andrés Martínez Sarazar, que ven á ocupar tan honroso cargo, vacante pol-a morte do ilustre historiador don Manuel Murguía, que foi o primeiro presidente da docta corporación.

O novo presidente da Real Academia Gallega, D. Andrés Martínez Salazar, ten méritos d'abondo para ser elixido. É autor do libro "El cerco de La Coruña", dos folletos "Los nombres de La Coruña", "La Beneficencia de Betanzos", "El artículo indefinido gallego" e outros varios. El foi tamén o editor da célebre "Crónica Troyana" e da "Biblioteca Gallega", e aínda que astorgano, tivo sempre para a nosa Terra verdadeiro amor e prestou o seu talento e co seu traballo.

Felicítamos ao Sr. Martínez Salazar pol-o seu nomeamento, e d'él agardamos moito bon proveitoso para a Academia e para o engrandecimento das letras gallegas.

O único do que nos doemos, como nazonalistas que somos, é que non se atopara digno de presidir á Academia Gallega ningún gallego".

E non precisamos repetir o que dixemos cando morreu, pero si diremos ademais para que o seipa "El Noroeste", que o señor Martínez Salazar "era irmán honorario" da Irmandade cruñesa. ¿Está craro? Por esta vez saleulle torta ao colega. Pretendeu desviar a cousa hacia o terreo que lle conviña, pero nen os firmantes das cartas nen nós caímos no engado. E así quedou de apañado "El Noroeste".

Coidando, inocentemente, molestarnos, dixo de nós que somos intransixentes e dogmáticos no que respeita a amor a Galicia.

Agradecemos sinceramente ao "Noroeste" reconozca n nós esa virtude, que algúns quérrenos negar e que Deus nos conserve eternamente. Eso non desdora. Honranos moito e mais é sempre preferible eso a que nos digan que sabemos dobrar ó espiñazo e acaroarnos ao sol que mais quenta. ¿Saben señores de "El Noroeste"? Sinceramente reconocidos. Por eso mesmo que en galeguismo non admitimos medias tintas nen andamos facendo cabriolas é pol-o que temos que apraundir a actitude dos firmantes das cartas que tanto molestaron a "El Noroeste".

¿E POR QUE O MOLESTARON?

Está craro. Porque o director do xornal "mimetista" e D. Eladio Rodríguez González, que como xa dixemos é segredario da Academia, e foi quen mais intrés tiña en que fora nomeado presidente o señor Ponte Blanco, anque él mesmo reconozca que aquel señor non ten méritos. Pero por enriba de todo está a comenencia personal. ¿E qué comenencia pode perseguir ó señor Rodríguez González? Pois a de mangonear ao seu antoxo na Academia, cousa que podería facer tendo na presidencia a un inocente e inédito en cousas de Galicia; mais non así se aquel posto

fose ocupado por algún outro académico que lle non permitise facer o que se lle antoxara. E aquí está o segredo da cousa, que non descubriríamos se non se nos turrase da lingoa; pero... quixérono así e ¡vaia con Deus! E así como somos rebeldes somos tamén crariños como a auga cristaña.

Naturalmente que D. Eladio non perdoa aos firmantes das cartas e a nós que lle descubrimos a xogada, pero eses son os incomentes que ten o xogar con cartas non nidias.

E rematamos apraundindo novamente, non nos cansaremos, a actuación valente e patriótica dos autores das cartas que deron lugar a todo o sucedido.

Así se fai e así trabállase por Galicia e pol-o prestixio da academia, aínda que "El Noroeste" pense ó contrario.

E finalmente, honradamente, porque nós somos así, decimos a "El Noroeste" que se en troques de se propoñer para a presidencia da Academia ao Sr. Ponte Blanco se tratase de D. Eladio Rodríguez González, non houbera pasado o que pasou, porque o Sr. Rodríguez González ten indiscutibles méritos d'abondo xa que de todos é sabido que é un dos nosos poetas en lingoa galega, algunhas de cuías poesías teñen honrado as páxinas de A NOSA TERRA. Se fose así non houbera pasado nada, pero francamente, o outro é intolerable e denigrante para Galicia é para a Academia.

O homenaxe a os mortos ilustres

O domingo 16 celebrouse o homenaxe tradicional aos galegos ilustres que repousan no cimiterio cruñés, A "Irmandade da Fala" foi quen anunciou primeiramente a celebración do acto pero xa que o "Circo de Artesanos" adoita celebralo tamén, según voto que ten feito en honor a Curros Enríquez, a "Irmandade da Fala" brindoulle a iniciativa e organización del.

Concurriron á procesión cívica que foi depositar frores nas campas dos mortos representaciós do Concello, "Circo de Artesanos" "Irmandade da Fala" Academia Gallega orfeón "El Eco", e coros "Queixumes dos Pinos" e "Cántigas da Terra". da Irmandade concurreu unha numerosa representación levando frores e o pau da súa bandeira, sin ésta, con un grande crespón de loito.

Diante da sepultura de Curros Falou o presidennte do "Circo" D. Félix Estrada Catoyra, decindo a amizade que o uniu aos mortos que se honraban, e falando de Curros, fixo un descubrimento que iñoraan todos cantos asistían ao acto.

Foi él que pol-o visto, según o "autorizado conocimiento" do Sr. Estrada a Curros Enríquez, procesárono pol-a súa poesía "A vixe do Cristal". Todos coidabamos e así consta en total-as ediciós de "Aires da miña Terra", que fora por "Mirando ao chan" e a "Igrexia fría", pero según o sabio presidente accidental da Real Academia Gallega, ¡qué sabios académicos ten a docta corporación!, non foi así. Convén. e por eso o facemos, dar á publicidade tal descubrimento para desfacer o engano en que todos viviamos. Ao falar de Pondal, dixo que estudaran xuntos en Fonseca. De Murguía dixo que a primeira obra que escribiu, «Desde el cielo», foi tamen a primeira que él léu. De Chané, que todos recordamos os triunfos conquistados co orfeón «El Eco», cando el o dirixía, Dixo de Salazar e de Tettamancy que eran moi amigos del e que todos os conociamos, e de Adalid que fixera melodías moi bonitas. Non dixo mais, e non nos parece pouco. Foi o discurso que mais nos emocionou de cantos temos ouvido e afellas que son moitos.

No centro do cimiterio, diante da cruz dos esquencidos, falon o Sr. Suárez González en nome do Concello, e o noso bon amigo Anxel del Castillo, que falou en galego e en nome da Irmandade da Fala, decindo como a nosa Irmandade non acougará nen un só momento no espallamento das nosas glorias e no desenrolo do idioma, costumes e personalidade de Galicia.

Ao remate, a representación da Irmandade entonou o Hino que foi coreado tamén pol-o coro «Queixumes dos Pinos», «El Eco» e unha parte do púbrico.

E así conmemorouse este ano este acto xeneroso e patriótico, que algún ano voltarase a celebrar con toda a solemnidad que debe ter e que tivo outras veces

Houbo unha nota cómica e redicula que deu o coro «Cántigas da Terra». Ao se enterar pol-a prensa local de que iba ser a Irmandade que organizaba o acto, antipou-se a celebralo pol-a súa conta, cando os outros anos o fixera xuntamente co'as demais entidades, indo ao cemiterio o domingo anterior e anunciando que non levarían o estandarte nen habería cantos. ¡Eso chámase ser prudentes e comedidos!»

Como despois organizou o «Circo» o acto do 16, tiveron que voltar porque senón quedaban mal co «Circo». Así é que este ano «Cantares de la Tierra», fixo o home-naxe por partida dobre. ¡Hainos patriotas!

A Irmandade concurriu despois ao cemiterio civil a colocar frores nas tumbas dos nosos inesquencidos irmáns Xurxo Parga e Ricardo Carballed, decindo unhas verbas Alfredo Somoza que foron escoitadas con unción e co pensamento posto nos irmáns queridos que alentaron con nosco no mesmo xurdido pensamento.

D. Angel Castillo, foi arredado do cárrago de «Comisario Regio de Bellas Artes

O Directorio nomeou pra o sustituir ao Sr. García Acuña, que foi Cónsul de España en Bayona.

Cartas a meu afillado

Cultura, cultura para todos

Quirido afillado:

Correu n'estes días pol-os jornás de Madrid o novo pran que din aprobado pol-o Consello Superior de Instrucción púbrica para os estudos do Bachillerato.

Si xugando pol-a campaña feita arredor de esta cuestión e deixándote enganar pol-a brillante aparencia do superior organismo que o incubou, coidaras que ese pran é unha obra acabada e perfecta, onde destilaron o seu entendimento os homes mais eminentes e acreditados en verbe de insiño secundario, e onde se recolleron, tamizadas, as experiencias d'outros países, trabúscate triste e vergonzosamente.

Intentan facer agora, valéndose da segunda-enseñanza, as «minorías selectas» que coidan indispensables para nos salvar. E por eso comenzan por alonxar o tempo de estudio no Bachillerato, e de enchel-o de materias para aborrecer aos rapaces ou esgotal-os. Hai moitas maneiras de combatal-a cultura: unha, a mais treidora y-eficaz é esa, sin duda ningunha.

Os futuros bachileres, con arrego a ese pran, serán uns pedantes perfeitos; pedantes enciclopédicos, quintaesencia de inñancia e vanidade. Porque, eso sí, nos dirán de corrido os títulos das asinaturas que cursaron, pero descoñerán os mais elementás principios das ciencias e artes.

En forza de ter que deprender moito latín non saberán nin ortografía castelán, e cando teñan aprobado as Matemáticas aplicadas ás Ciencias físicas, seguirán sin saber a táboa de multiplicar. Un feitizode adianto.

Unha ventaxa evidente ouservo n-este-novo pran: a enseñanza obrigatoria da Relixión. Non quedaron cativos os conselleiros n-as doses de esta materia que inxertaron n-él, Hai Relixión para cinco ou seis anos. Ao cabo d-eles, os estudantes que poidan desertar a tempo do Bachillerato para se adicar a outras aitividades menos esgotadoras, a mais de salval-a a súa intilixencia da idiotéz, redimirán a súa conciencia. E fartos de antigo e Novo Testamento, de Doutrina e Historia Sagrada, mergulláranse en Renán e Voltaire, hoxe un pouco enquencidos pol-a falta de estímulo que supón a non obrigatoriedade do insiño relixioso nos Institutos.

Non falo da redención da conciencia con espírito seutario. Ti conócesme e o sabes ben. Digo o pensando no recurso que para a súa liberación espiritual se ofrecerá ás xuventudes contra un mandato que pretende aferrollar as conciencias co'a cadea d'unha ortodoxia determinada e sin respecto algún para o pensamento alleo.

Ouserva, meu afillado, a presa que se dan a trazar este malfadado patrón dos bachileres do provir. Temos o mesmo porcentaxe de analfabetos que fai cincoenta ou sesenta anos; pero non se decataron da urxencia de nos librar de semellante baldón reorganizando antes de nada o primeiro insiño. Andan os rapaces de doce a dazaoito anos entregados ao traballo sin elementos culturais d'abondo para facer rápidos progresos na súa profesión e, ademais de precurarse o seu propio melloramento, contribuír de ese modo ao engrandecimento da industria e o comercio nacionás; mais non por eso estiman preciso pensar na creación da enseñanza post-escolar nin no fomento das escolas d'artes e oficios. Sinten e o confesan—quizais con ledicia—a penuria intelectual do noso pobo, y en troques de facer afinxibre a cultura ao maior número, apréstanse a poñer dificultás de todo xénero

Educar, instruír, dar a todo nacido os meios de cultivar ó seu espírito y-o seu intelecto, é un deber primordial da sociedade. Cando os estados alcancen a realizalos cumpridamente, terán comenzado a reparación da secular inxusticia de manter aos desvalidos, ós non favoritos pol-a sorte, no oscuros abismos d'unha inñancia indina e aterradora.

ARTURO TARACIDO.

Da necesidade d'unha campaña liberal na Cruña

O que vou decir n'estas verbas non é nada que a min se me ocurrixe senón algo que constituíe o tema obrigado das miñas conversas con moitos cruñeses que coincidimos na apreciación dos feitos de que vou falar. Como coido que é chegado o momento de non agardar mais tempo, quero púbricamente falar do asunto agardando e confiando en que ao fin aquel xeneroso desexo noso haberase de trocar n'unha forte realidade que axunte en apertado feixe a cantos teñán un espírito fortemente liberal, no verdadeiro senso da denominación, e sintan o principio da libértade, hoxe desgraciadamente bastante destrocado.

E o caso, que dende fai algún tempo a vida cruñesa atópase desencaixada do seu antigo e peculiar matiz liberal pol-a cantidade de señores, para maior sarcasmo moitos d'eles non cruñeses nen aínda galegos, procedentes de campos retrógados d'unha recalcitrante ortodoxia que eles non deixa ollar o troque que nas ideas estase verificando no mundo que saíron á lús e estanse infiltrando en ódol-os orgaismos locais botando por terra toda a labor e historia anteriores que era o patrimonio e orgullo da democracia cruñesa. Eu, nos meus poucos anos de vida e preocupación política, puiden ollar como paseniñamente fóronse trocando todol-os orgaismos que constituíen a vida da nosa cidade e presenciei como, por apatia de moitos e cobiza de bastantes, operábase o troque que agora somos moitos a lamentar e ao que necesariamente hai que poñer remedio.

Data d'alguns anos, non moitos, pero é hoxe cando mais tanxibre está ese enorme desfiguramento da nosa vida colectiva.

Sempre a Cruña distinguíase pol-a súa democracia e non fai aínda moitos anos era das primeiras cidades hispanolas en canto refírese a tér un espíritu intensamente liberal e ampro. Era de Galicia, e sigue sendo siquera non sexa tanto como antes, a cidade cerebral e guiadora dos pobos irmáns que sempre ollaban para ela seguindo as súas orientaciós e respetándoa como á irmá maior da xenerosa familia galega. Exercía unha forte hexemonía espiritual acatada e respetada por todos, da que, seguindo así, non vai ficar mais que a lembranza. En troques de conservar, aumentándoa, aquela autoridade e aquel ambiente que tiña as simpatías dos alleos e atraíaos hacia nós, por moitas razóns—á mais poderosa a da abulia e despreocupación—foi progresivamente perdendo aquel seu carácter tan cheo de boas cousas e tan rebotante de bon sentido e fermoso espírito democrático.

Ollemos senón para as nosas entidades representativas e veremos o troque efectuado.

FOMENTANDO A CULTURA

As Escolas do Insino Galego

As escolas que a Irmandade da Fala ten en organización, nas que se dará ensino gratuito aos fillos dos asociados van por tan bo camiño que xa se recibiron algunhas das mesas, feitas con suxeición aos modelos mais modernos; mercáronse libros e demais materiaes, e faráse canto sexa preciso para inauguralas axiña, tendo en conta que na Cruña fan falta moitas escolas.

O sacrificio que se impoñen alguns bós galegos amantes da cultura e do progreso, que contribúen con cuotas mensaes para cubrir os gastos que as escolas orixinan, é merecente das mais grandes gabanzas e do agradecimento do pobo á que beneficián co seu honroso proceder, que deberan imitar todol-os galegos, para que nin un soyo neno quedara sen recibir a instrución necesaria.

Os irmans proteitores d'estas escolas poden ver no local da Irmandade o material adquirido.

Tamén desexamos que cantos simpaticen coa obra do fomento da cultura que se impuxo esta Irmandade, pasen a informarse na Secretaria das condicións en que habra de funcionar esta escola na seguranza de que han contribuir tamén ca súa axuda ao sostenimento de tan beneficosa e importante institución.

Castillo non era dos do «viejo régimen» e foi destituído.

Entroques foi nomzado o Sr. Acuña

A Mancomunidade Galega

En Santiago reuníronse os representantes das catro diputaciós galegas para trocaren impresiós sobre a maneira de organizar a Mancomunidade.

Acordouse, ao tempo que ratifican a importancia que ten para Galicia o establecemento da Mancomunidade, declarar á Unidade de acción das catro provincias para canto se refira aos comuns intereses moraes e materiaes.

Conviñeron na urxente comenencia de prantear a Mancomunidade para a vida espiritual e económica de Galicia, mais en agardar a promulgación do novo Estatuto provincial e rexional.

Non nos parece mal eso, noustante preferiríamos que se botasen xa os cimentos da Mancomunidade e se tratase de outer dende logo canto conven a Galicia, para que á ser posible o novo Estatuto rexional fose d'acordo cos nosos intereses, e non estemos así espostos á que por servir comenencias d'outras rexións, que teñen quen pida por elas, Galicia siga como de cote perxudicada.

Coidamos que o novo Estatuto rexional ha de ser algo que beneficie e conveña por igual á total-as rexións mais parécenos tamén que si estas non fan ouvir a súa voz, dende lonxe non será fácil adiviñar as súas necesidades, e a que cae correrá o risco de saír perxudicada no seus intreses.

E xa vai sendo tempo de que Galicia berre moi alto para que se ouza d'unha vez e se lle atenda.

Pol-o demais, confiamos no galeguismo d'alguns dos actuaes diputados provinciales, e temos a seguranza de que a Mancomunidade será un feito, e un feito glorioso para a nosa terra.

VICTOR CASAS.

Un engado mais

A Mancomunidade galega

Copiamos do diario de «Galicia» de Vigo a seguinte carta:

«No número da GALICIA do 27 no que se fala da xuntanza feita n-esta cidade pr-a constitución da Mancomunidade galega, dise que foron os deputados d-Ourense quen es somentes pediron a urxencia da dita Mancomunidade.

A verdade do que pasou según a acta oficial firmada pol-os representantes de todas as Diputacións é a seguinte: Di «Los Sres. Risco y Losada Diéguez manifestaron que consideraban urgente la creación de la Mancomunidad, y que su presencia en las Diputaciones estaba vinculada a la creación de un organismo que represente la personalidad de Galicia, lamentando que de esta reunión no saliese ya constituido». E certo qu-a nosa actitude reforzouna unha y-outra ves, varil, intelixente, sentíao o deputado d-Ourense Salgado Biempica e que tamen era sencillamente o pensamento dos Sres. La Sota, Espinosa e Picouto; e decir dos representantes d-Ourense e Pontevedra.

N-n foi posible qu-os representantes se puxeran d-acordo senón n as bases xa conecidas e publicadas. O sacrificio que levamos a costas douros unha ven tristeira desilusión. Nos tempos d-ahora cada aprazamento é desandar camiño. Non son horas d-espe. a nin de vagar.

A nosa esperanza n-o rexurdimento non morreu. mais crendo bós todol-os sacrificios, parécenos qu-o noso está chegando xa os lindeiros da inutilidade, e degaramos que s-acabe axiña.

Namentres, onte, hoxe e mañán ¡Terra a nosa!»

ANTONIO LOSADA DIEGUEZ
VICENTE RISCO.

Santiago, 28-3-1924.

Supoñíamos que algo así sucedería. Parecíanos demasiado confiar que se levara a cabo tan boa obra para Galicia mais aínda conocendo as persoas que integran as Diputacións sobre todo a da Cruña que é a que temos na casa. Unha desilusión mais para os que agardaron que sería agora un feito a creación da Mancomunidade. Para nos a afirmación d'unha sospeita. Aos nosos irmáns, Risco e Lousada non lles decimos nada, pois eles saberán cumprir co seu deber

Encol da Mancomunidade

Temos recibido un manifesto do Concello de La Estrada (Pontevedra), dirixido aos demais Concellos galegos proponéndolles o dirixirse ao Directorio co as peticións seguintes:

1.º A desaparición das catro Diputacións provinciais galegas.

2.º Que sexán substituídas por unha Diputación rexional única dotada de plena autonomía administrativa.

Foron autores da proposta no Concello estradense os Sres. Xosé Outeiro Abelleira e Manuel Torres Agrelo, a quen es enviamos a nosa enibora

Agardamos o resultado de esta boa xestión e veremos como responden os demais Concellos de Galicia ao exemplo do de La Estrada.

Unha data memorabre

Sen dúbida algunha é a do 6 de Abril de 1924 en que despois de mais de século e medio que o arzobispado de Compostela estaba sendo rexido por alleos pasa a ocupar un bispo galego emimente e galeguista. Cando o Sr. Lago González foi nomeado para rexir a eirexa galega falamos xa da satisfacción conque viamos tal nomeamento. Tócanos hoxe repetir e afirmamos no que entón dixemos. Todol-os xornás galegos falaron estos días cumpridamente da sinificación e valer do novo arzobispo e non precisamos falar nos d'elo.

Queremos somentes congratularnos novamente, agora que a causa é unha realidade, e ao mesmo tempo que outra vez enviamos ao Sr. Lago González a nosa mais cordial enora que facemos extensiva a toda Galicia, xa que o feito hórnanos a todos, lle desexar moitos acertos dende a outa cadeira que agora ocupa.

Galicia enteira extremeceuse de ledicia ante o xurdido sucesos e a causa principal e casi única foi a de ser galego e galego bon o Sr. Lago.

Galicia enteira agarda ardente moito bon do seu paso pol-a diócesis compostelán.

A nós veunos á memoria o nome glorioso do excelso Gelmírez que tanto e tanto fixo por Galicia mentras ocupou o posto que agora despois de tantos centos de anos véu a ocupar outro ilustre fillo de Galicia que ogallá seipa inspirarse na obra patriótica do inesquencido primeiro arzobispo de Compostela.

O mesmo que él, o Sr. Lago González, pode dar días de glorias á nosa Patria.

¡Que o apóstol Sant-Yago inspireo na boa obra.

Cousas da vida

Ovo d'ouro saíu un día da súa casa disposto á non voltar a ela, meteráselle nos miolos o emigrar; sentía unhas fondos desexos de coñecer outras terras, novas para il, onde poidera respirar libremente, pensar como coidara comenente, sin lle ter que pedir permiso ao Alcalde nin segredario do seu pobo-caciques máisimos-e que somellaban almas en pena, porque se atopaba con íles no camiño fose por onde quixera, de día ou de noite.

Iba o bon home, non somentes disposto á non voltar mais á súa casa, sinón á perder de vista a súa terra, que tanto lle quería e que víase obrigado á deixar, ven contra da súa vountade, da vountade dos seus pais e dos seus paisanos en xeral, que sempre tiveran para Ovo d-ouro as maors loubanzas, como home bon, é traballador honrado.

Pero él non podía xa aguantar mais; era muy xoven aínda, pero na súa testa bulían unhas ideas muy enrevesadas que cecais os poucos anos lle non deixaban madurar e decatarse ben do que tales ideas representaban.

El non podía consentir que lle chamaran galego—despreciativamente—cando coidaba que o galego era a raza mais forte do mundo, cando il pensaba que somentes, o mero feito de nacer en Galicia era un motivo mais que d-abondo para se sentir orguloso.

Mais todo isto, contrastaba co-a opinión do sabio médico do pobo; un vello Castelán que fartábase de-o alcurmar a cada momento; co-as predicacións que de cote ouvíalle ao Alcalde, home muy sabidoso sin dudu, pois non en balde levaba vinte anos no seu posto; cós sermós que lle endilgaba muy cariñosamente o segredario que tantos favores había feito á algús no pobo—aínda que aos seus pais habíaos amolado canto puido: E todo isto era o que il non afinaba enxerguer, e moito menos, dende que os seus irmanciños—cando voltaban da Escola—viñan faíndo unha mescolenza de lingoas que nin-o mesmo demo entendiaos.

Decíae il—para consigo mesmo—poís señores, mui burro debó eu de ser, ou teñen razón os demais; meus irmans din que ao mestre o non entenden porque fala moito co-a Z, qu-iste bon mestre, dilles sempre, que é un atraso o falar en galego, que o galego é un ser baixo e ruín «que el habla gallega es una expresión pobre, tan pobre que siquiera la emplean los señoriños como vosotros vereis»; pol-a outra banda, o Notario, aquel home tan respectable pol-as suas longas barbas—unque unha miga descuidadas—tad-a vida ouviulle decir, que dende que viñera para ista terra habíase enbrutecido.

E cavilando o bo do home en todo isto, razoaba da seguinte maneíaa—e ao seu curto alcance—¡Bóhl... Vinte anos có mesmo alcalde e ficamos mais xiringados que moitos pobos da bisbarra; temos unha escola na cuadra, e c-un mestre andaluz; o Segretario xa non vai posto por nada do mundo, e seguemos aumentando os tributos mais que nunca; o Medico, inda que decían o Alcalde e demais «xente boa» do pobo qu-era muy listo, non atina c-unha enfermidade, e manda moita xente para o outro mundo—librándose de paso d-aqueles que non son da sua corda; ó Notario á pesar da sua doenza, e ser cada vez mais bruto, era o cocho mais gordo do pobo, e por iste xeito andaban todos aqueles que de cote bulrábanse d-il a miudo.

Non quixo pensal-o mais.

Ovo d-Ouro colleo o camiño da Cruña en procura d-un amigo, para se meter nun barco que saira par-a América, mais polo camiño lembrábase d-unhos versos que na sua casa lían moitas noites, d-os que sómentes recordaba estas verbas.

...si este é o mundo que eu fixen
qu-o demo me leve.

FEDERICO ZAMORA.

BOCETOS

Vidas divergentes

As conquistas políticas da muller levan unha positiva tendencia igualitaria en relación co home. Algún eminente filósofo contemporáneo esforzase en amosar a fonda diferenza psicolóxica qu'arreda, na sua función social, aos individuos d'un é outro sexo. D'esto deducíriase o erro en que se funda aquela tendencia.

Mais non é cousa d'adentrarse por estes camiños intrincados, donde tantos perigos de perderse hai. Miremos solamente o trato desigual de que os pobos fan ouxeto a uns e outras. Son cousas sabidas que non está de mais lembrar. Citemos algús exempros entre os mais coñecidos;

ANVERSO

Sócrates, o bon, o eminente, o honrado, creador da ciencia moral, cuías doutrinas filosóficas admiráanse inda despois do transcurso de vintetrés séculos, foi condenado á morte por decil-a verdade.

Galileo, sabio astrónomo, por facer sua e proclamar a todol-os ventos a teoría copérnica do movemento dos astros, isto é, por decila verdade qu-él vía e aos outros non conviña aceptar, foi condenado ao tormento.

A Miguel Servet, médico eximio, á quen se debe o descubrimento da circulación da sangue matárono nunha fogueira.

REVERSO

Cleopatra, muller dotada de talento e fortemente dominador por un inmoral e incorrexible sensualismo, viveu feliz entregada a todo xénero de devaneos. Matouse porque quixo, despois de pasar por cantos brazos apeteceu, sin que tivera que sufrir nin a mais leve amenaza dos seus súbditos.

A Pompadour, bela e gabada cortesana francesa, favorita d'un rei que ela manexou ao seo antoxo, morreu

cristianamente no seu leito, a pesar dos positivos males que a sua nefasta influencia levou á Francia de aqueles días...

Da vida da hampa.—Lugar da escena: a rua d'Embaixadores, de Madrid, Epoca actual. Pol-as portas das casas homildes van aparecendo mulleres esfarrapadas, n-un deshaliño que acusa unha noxenta e lastimosa incuria. No meio da rua un grupo de rameiras lixosas e soeces, en quenes a aución produce risa e entusiasmo.


Un pouco mais lonxe de min, este espectáculo:

Un pobre vello, limpo e atildado, á quen coñocen pol-o alcume de Solón, collido fortemente por dous mozos barudos, un dos cuales obrigou á calarse amenazando-o c'un pao. E a poucos pasos, outro mozo; d'aspecto chulesco como os seus amigos, que lanza sobre o pobre vello indefenso os mais groseros insultos co aire "jaquetón" de quen coida portarse como un home.

Gomitei de asco.

Todos ilustres.—Agasallos, loubanzas e honores prodíganse agora con desusada abundancia. E como si, de pronto, favorecidos por un vento xusticiero, se aventasen os méritos ocultos das cen mil notabilidades que vivían escurcidas entremedias d'un ambiente hostil á canto representaba un valor verdadeiro e indiscutible. O como si, para vingarnos d-aquela irónica refreución de Descartes, que afirmaba ser o talento a única virtude de que nadie se cuidaba desposeído, se quixera sacar á superficie, midindo-os c'un raseiro igual, á todol-os homes de este tempo.

Ademiremos ao Sr. López Soengas como un precursor.
XOSE DE COUTO.



En poucas verbas


Extránase "La Voz de Galicia" de que ao concurso para erguer en Madrid un moimento á condesa de Pardo Bazán non concurrira ningún escultor galego e lamentase d'elo decindo que agora que por moitos se pretende que o moimento a Curros Enríquez sexa feito por un artista da Terra é unha vergoña o sucedido con respecto ao da ilustre condesa.

A nós eso non nos extrana nada. A condesa de Pardo Bazán lle non debe nada Galicia

E agora está levando o pago da sua obra en vida.

En troques Curros Enríquez con moimentos ou sen eles vivirá sempre na lembranza dos galegos que cada día sinten mais veneración hacia ó poeta inmortal que cantou na lingua da sua terra

E non se extrane "La Voz de Galicia" que cada cousa é como debe de ser.



Como el vino de Jerez
v el vinito de Rioja
son los colores que tiene
la banderita española

"Las Corsarias"

* * *

Non hai moito tempo combatiábase aos acaparadores de psbsistencias. Agora hai outra sorte de acaparadores: os de postos núbricos. Algún señor conocemos que é diputado, concellal, presidente d'esto, xefe do outro...

* * *

Mellor era que d'unha vez se decrarasen donos da Cruña, ou de Galicia, á ver se deste xeito a xente decatábase de que todl-os cidadans teñen obrigas que cumprir e tamén dereitos que se deben respetar.

+++

D. Anxel del Castillo era pol-a sua capacidade indiscutible, Comisario de Bellas Artes, e duarante a sua actuação beneficiou á Galicia no senso artístico.

Mais a venganza ruín d'uns homes cativos de espírito fixo que despoixaran ao Sr. Castillo d'un título que ninguén como él merece.

E inda que houbo alguen que rechazou o nombramento, non faltou ao cabo quen pol-a fachenda de ostentar un título mais acetóuno.

Nunca falta un Xudas.

Nin adulós que, sabendo o que saben, falan de que pol-os seus méritos... etc. etc.

* * *

Ao facer pública a Irmandade da Fala o seu desexo de rendir o homenaxe anual aos ilustres galegos que repouzan no cimiterio da Cruña, "La Voz de Galicia" insertou unha nota con toda a "boa intención" de que e capaz, que decía: *Otra visita al cementerio... la celebración del acto—el tercero o el cuarto en pocos meses—...*

Efectivamente, pol-a iniciativa de "La Voz" celebrouse outro homenaxe pouco tempo hai—no aniversario da morte de Murguía—Pero xa vemos que non foi organizado aquel co ouxeto de honrar a memoria do ilustre historiador, senon cō fin de que, por se facer tantas visitas ao cimiterio e tantos homenaxes, éstos resultaran molestos, pesados, perderan interés e, naturalmente, deixara de se facer no sucesivo.

¡Certamente que os de "La Voz" aman á Galicia e veneran os seus fillos ilustres!

Enteramente igual que os do coro "Cántigas da Terra" que tamén organizaron outro o domingo anterior ao fixado pol-a Irmandade.

Menos mal que os de Cántigas non levaron o seu estandarte. Resérvano para as trangalladas.

Consumatun est

Sucedeu o que nos supoñíamos. O día 31 reuniuse a Academia e por «mayoría de votos» foielexido presidente don Francisco Ponte Blanco. Non vale canto se dixo nen que a maior parte da prensa xusgara como un desacerto a pretensión do elixir.

Os caciques da Academia que xá dixemos que os había e mais os seus nomes, puxéronse a Galicia por monteira e sairon co'a sua. Xá a cousa non ten arrego.

Di o regramento da Academia que para ser Académico de número e necesario tér feito algunha obra sobre calquer aspecto da vida ou literatura galegas. O Sr. Ponte Blanco non fixo ningunha e pol-o tanto nen dereito tiña a ser Académico. E resulta que agora algúns Académicos atopáronlle méritos para ser presidente. Esto non tén-volta, pero ten moita gracia.

Acusounos «El Noroeste» de que en outras ocasións temos atacado á Academia e ao seu prestixio. Probadamente non e certo. Mais dende agora si o faremos. Non atacar seu prestixio que o perdeu completamente agora é non por culpa nosa senón dos propios Académicos. Imos atacar directamente á Academia.

Tiñamos mentes de facer algunha proposición referente á reforma do regramento. Mais non é preciso xá. Agora pedimos como primeira medida a clausura definitiva da Academia por noxenta, ridícula e antigalega ademais de ser unha coveira de caciques que valéndose dos cargos que ocupan no Consello directivo, veñen facendo, as es-paldas dos demais Académicos, cantas cacicadas se lles ocurren e póñemos como exemplo o da designación do Sr. Ponte Blanco, cousa que, como decimos mais arriba, foi amañada pol-a directiva que exercen os Sres. Rodríguez González, Estrada Catoyra e o mesmo Ponte Blanco a quenes acusamos de seren eles os que remataron co pouco prestixio que xá lle iba quedando á pobre Academia. ¡Se o gran Curros erguérase da sua sepultura!

E non imos a indinarnos porque non val a pena tratándose de quen se trata. Dende hoxe para nós e para Galicia morreu a Academia xá que no sucesivo o pouco que faga será somentes poñer en ridículo á nosa terra.

E para eso si que estaremos alerta para falarmos en todo momento co'a craridade que o fixemos n'este.

Ao escribir estas liñas non dixo aínda nada a prensa galega, pois non tivo tempo.

Dos xornás da Cruña somentes «El Noroeste» de cuia especial e parcial intervención n'este asunto temos falado, dixo o seguinte:

«Felicitamos al nuevo presidente de la Academia señor Ponte y Blanco, nuestro querido amigo, por el honor que la mayoría de sus compañeros de Corporación acaba de otorgarle.

Las dotes de actividad que en el Sr. Ponte y Blanco todos reconocen, y los entusiasmos que pone siempre en el desempeño de los cargos que se le confían, para regentarlos con el mayor acierto posible, hacen esperar de su paso por la Academia una labor fecunda y fructífera para los altos fines que la docta Corporación cumple, encaminados todos al progreso y desarrollo de cuanto a Galicia interesa en los aspectos literario, histórico, lingüístico y folkórico.

Como se vé lle non reconece a Sr. Ponte Blanco mais mérito que o da actividade. Sendo así debérono facer conserxe.

E agora xá Galicia xusgará como é debido a cantos tivemos intervención n'este asunto e non quixéramos para nós a opinión que forme dos Sres. que apoiaron a cacicada mais noxente que recordará a nosa Galicia

¡Pobre Academia!

Por que ¿que vai facer o Sr. Ponte Blanco pol-a historia ou pol-a literatura galegas si unha e outro as descoñece en absoluto?

Irmandade da Fala

O domingo 13 ecelebrou a xunta xeneral ordinaria para elección de nova directiva. Despois de leída a memoria co'a autuación do Consello anterior foi elexido o seguinte que rexirá a Irmandade durante este ano:

Conselleiro 1.º—Manuel Lugris Freire.

Id. 2.º—Alfredo Somoza.

Segretario.—Francisco Abelaira.

Vice.—Anxel Casal.

Tesoureiro.—Benito Rodríguez.

Contador.—Benito Ferreiro.

Bibliotecario.—Leandro Carré.

Vocás.—Carlos Monasterio, Federico Rodríguez Chas Xosé Crecente, Xulio Pita e Antón Martínez.

Administrador de "A nosa Terra".—Victor Casas.

Non é o rigor das leises escritas o que pode redimir a un pobo, sinon a efectividade da sanción que elas impoñen a quen delinque, sin distinguir de clas nin categoría.

Liñas de Loito

Recibimos a dorosa noticia de que en Artana (Valencia), morreu no mes de Febreiro o distinto escritor e signifiicado valencianista D. Vicente Tomás y Martí.

Tomás y Martí era un dos mais convencidos paladís do movemento valencianista tomando n'él unha parte activísima. Fundador e director de "El Cri de la Montanya" revista adicada á defensa da personalidade e rexurdimento do pobo valencian.

Sentimos como cousa nosa a perda do distinto correligionario e enviamos á sua familia e aos nosos amigos de Valencia a expresión do noso pésame sentido e cordialísimo.

As migallas do festín

Un gran pazo señorial. N-él, en día de traballo extraordinario, non teñen repouso o fato de servidores encargadas da tarefa. O cabod'ela, o señor do pazo, magnánimo e garimoso, quer agasallar a servidume, premiando os seus desvelos. Veñen pastas e viños xenerosos. O gran señor que no ten *butler* no pazo porque cicais na sua larga vida trashumante non topou barco que o levase a Inglaterra a depender certos dispendiosos costumes dos poderosos lores, fai democráticamente pol-a sua man os honores a aqueles servidores, leales e laboriosos. A correución d'estes responde á solemnidade do momento e do lugar. Non hay excesos. Sobrios e comedidos, os agasallados deixan bandexas cuguladas de doce e botellas mediadas-de viño, de proveitosa utilidade para un bon administrador.

Volta o sosego. Hay que retirar os restos do convite. Y-o gran señor, sempre no seu papé, dona unhas ordes de urgente cumprimento. Un servente homildoso recolle pastas e botellas e sai con elas da sala da festa... Non sabe a onde. Asegura que fixo o mandado presa de fondo sono hinótico. Ten solamente a lembranza d'un forte cheiro a xebre e de certo ruído confuso de barbería. E dí que ô despertar, topouse fronte ô Obilisco, espido de carcos, porque nin propina reciben.

¡Quen manda, manda...!

Algúns xornás americanos din que en Hespaña vai vir unha revolución.

¿De onde quitarían eso? O ano derradeiro quizais poidera ter fundamento a cousa. Agora non; agora val todo "viento en popa y a toda vela."

GALICIA DESPERTA

Os foros e o millo

Ao parecer os galegos danse ao fin conta de que para outar algunha ventaxa na súa vida é mester berrar moi alto recramar con enerxía, hasta que as súas verba esixentes que piden xusticia sexan ouvidas, e as súas recramacións atendidas como corresponde.

Os foros costaron moito sangue aos nosos labregos, e costaron aínda mais bágoas. Foron a desesperación de moitos fogares e a causa de innumerables emigracións. Mais o problema dos foros, dicíase, non existía. Agora convenceráronse todos de que si, existía, e de que era preciso romatar con él, e acabar co'esa carga que pesaba d'unha maneira asoballante enriba dos campesinos galegos.

Na asamblea agraria celebrada en Monforte no ano 1908, acordárase xa pedir ao Goberno que se anticipase pol-o Estado a cuantía necesaria para ridimir os foros. Mais tamén é certo que os Gobernos hespañoles nunca se coídarán pouco nen moito do que pedía ou precisaba o país.

Pero chegou o tempo en que aquilo acabou: en que hai unha probabilidade mais en favor do pobo, e o pobo conscente xa dos seus dereitos, volve á pedir, volve á recramar. Parece ser que d'esta vez a súa voz foi escoitada e que a súa xusta petición será atendida.

Pero inda o pobo galego non está conforme con eso, non lle abunda: O pobo galego precisa tamen que a importación do millo e do centeo sexa libre.

En Galicia consúmese en grandes cuantías o centeo e o millo porque do millo e do centeo faise o pan de mistura ou o broa que é alimento principal nas aldeas, e porque a fariña do millo e o salvado úsase tamen moito na manutención do gando que é a mais grande riqueza do país. Pol-o tanto a libre introducción en Galicia d'estes graos é d'unha necesidade tan enorme, que é preciso abranguela canto mais antes.

Os galegos sempre sofridos, e sempre calados, parece que agora despertan á vida; unha vida de actividade e consciencia. É como se ao cabo, escoitando aquelas verbas do noso patriarca Murguía, que lembrou no número anterior A NOSA TERRA, enraizarán no seu cerebro para aguilloalos de cote, e se decidiran a poñelas en práctica.

Que é certo: tan "sofridos" fomos que temos xa dereito á non seguir sufrindo; tanto fixemos o que "lles pareceu", que temos dereito á facer o que nos praza; tanto "berraron", que é xa hora de que a nosa voz pase por enriba da súa.

XAVIER FRAGA.

A institución Murguía-Rosalía

En qué se pensa

Moito faláron algúns diarios sobre a idea de fundar un premio anual á mellor obra literaria ou histórica que, ao tempo que servise como eterna lembranza e homenaxe á aqueles dous serees tan unidos e tan goriosos que se chamaron Rosalía Castro e Manuel Murguía, fose tomén un estímulo para o estudo, e un medio de fomentar as nosas letras.

Parecía que o preyeito iba por bon camiño; algunhas persoas e algunhas entidades enviaron ao Alcalde da Cruña as cantidades con que se suscribiron para tan honrosa obra, mais logo foise esvaindo o interés e ninguén se lembróu xa para nada da institución nin se fixo nada para que chegara á ser unha realidade.

Un xornal resucitou o asunto fai pouco tempo. Foi en balde.

Algunhas persoas que teñen de cote nos labres o "amor á Galicia", que deberan ser os primeiros en laborar pol-o engrandecimento espiritual da Terra, para demostrar ese amor ao que están entregados—según din—en corpo e alma, calan como petos, e inda que teñan medios sobrados de axudar as boas obras que se inician, encóllense de hombros como si dixeran "¡cô que eu vou gañar con eso!" e deixan que o tempo pase, que as ideas se esquezan e que os entusiasmos se arrefezan, en perxuración da cultura patria.

Hai que pensar na mellor maneira de realizar a idea concebida. Hai que facer realidade esa idea.

Se non é o Ayuntamiento, que sexa a Academia, ou quen queira que se nomee; pero ese proyeito non debe quedar así, sería unha vergoña para Galicia.

Un congreso de escritores galaico-lusitanos

Sabemos que o "Instituto de Estudios Gallegos" da Cruña proyeita celebrar un congreso de escritores galaico-lusitanos, e rendir un homenaxe aos poetas e literatos portugueses para corresponder ao que en Viana do Castelo tributouse ha pouco á memoria da nosa Santa Rosalía. A idea parécenos ben, sobre todo se non se esquece que entre os escritores portugueses e os galegos (os que escriben na fala que inspirou e inmortalizou a Rosalía) hai xa unha irmandade sentimental e ideolóxica que pode ser base de fondas correntes de modernidade estímulo e intensificación de traballo, en ben das letras galegas, se ese congreso se celebra con toda a amplitude e no senso que debe caracterizalo.

Agardamos conocer mais detalles para formar xuício sobre o que pode ser o congreso á que nos referimos.

LECTURAS

RENASCENZA PORTUGUESA-PORTO

Esta Sociedade editora que tanto leva traballando no país irmápol-a cultura patria, publicando constantemente os libros mais interasantes e preciosos na literatura, nas artes e nas ciencias: que lanzóu tamén unha revista tan importante como "A Aguíá" onde colaboran as firmas mais prestixiosas de Portugal, honrounos co valioso presente das súas derradeiras publicacións que, como se verá pol-os nomes dos seus autores, son novas mostras da importancia, sempre grande, que ten a literatura portuguesa actual.

Os libros recibidos son:

O Pobre Tolo.—Teixeira de Pascoaes.

Mulher de Mençam.—Antonio Alves Martín.

Fogos Fatuos.—Joan Panlo Freire Mayo (Mario.)

No Planalto da Huila.—Gastão Souza Díaz.

Pao Vermelho.—Visconde de Vila-Moura.

Un homem de trece anos.—Visconde de Vila-Moura.

Cristo de Alcácer.—Vizconde de Vila Moura.

Sen espazo para mais, por hoxe, non deixaremos de falar con maior atención, como merecen de estas obras tan variadas e todas elas tan fermosas.

Desorientación... Fernando Osorio A Cruña.

Fernando Osorio que como bon actor, e actor non somentes de afición senon qe estudo, pois outuvo o título no Conservatorio de Lisboa, conoce ben o que é o Teatro e ten pol-o tanto condicións para ser nn dos firmes puntales do Teatro Galego.

Acabá de publicar un boceto dramático moi estimábre,

É o seu boceto **Desorientación**, que no concurso celebrado recentemente pol-a irmandade da Fala mereceu gabanzas do Xurado, que lle concedeu unha Mención de Honor, e acusa ben as disposicións felicísimas do seu auton para empresas d'esta natureza que fainos agardar producións posteriores se revele como un dramaturgo de gran intensidade.

Desorientación, véndese a 50 céntimos e segurameant será representado moitas veces.

*os nenños teñen fame
y-o petrucio pide pan:
pr'acalalos él os bica,
porque nou ten que lles dar
non sendo bágoas e bicos.*

¡Pobre pai!

*Pol-as regañas do teito
pinga á pinga a y-auga cai:
zoa pol-as regandixas,
moito fero, aire marzal,
que x'as luces non apaga
porque candil non o hai.
¡Tod'escuro! noite e almas.*

¡Tobre Xan!

*Laya a y-alma, reza a vella,
toconéa algún rapaz,
qu'o sono pode co'a fame;
e cavila o pobre Xan.*

*Soilo Dios sabe o que pensa.
casque tolo co pensar,
¡ai! si a paciencia lle falla,
¿que fará?*

*Xan se lembra do que fixo,
por s'algo ten que purgar.*

*Traballou tod'a sua vida,
sempre foi un acazan,
pagou rentas e trabucos,
con todos vivía en paz:
foi bon fillo. foi bon home
y-é bon pai.*

*Sempre andivo mal eepido
cal n'inverno cal no vran:
co'a xusticia foi homilde,
nunca soupo litigar;
ni' aos homes nin ao ceo
poido ou quixo facer mal
¡ai! as cousas d'este mundo
que mal van!*


*Xan ouviulle sempr'ao crego.
no ofertorio padricar.
e compriu canto lle dixo
ou quizabes inda mais;
n'esquencen manteiga e ovos
cando foi a bantizar:
y-él di: o cento por un
¿ond'está?*

Aureliano J. Pereira.

OS ESQUENCIDOS

CENTO POR UN

*¡Cántas noites sin descanso!
¡cántas horas d'ansiedá!
¡con moitas bágoas no peito
e sin lume no fogar!
¡Cántas ioitas eiqui embaixo:
aló enriba canta paz!
¡Que negrura na concencial
¡Pobre Xan!
A muller está t'lleita
e ceguña ten a nai:*



Edificio do Kiosco Alfonso - Paseo de Méndez Núñez

Kiosco Alfonso

Situado no centro do paseo de Méndez Núñez
É o preferido do público. O mellor local de Verano

Gran Restaurant

NO PISO ALTO

FERMOSO SALÓN-COMEDOR

LUXOSA INSTALACIÓN

SERVICIO ESMERADO

Cuberto: 4'50 pesetas

Vida Marítima e Comercial

Compañía Naviera "Stinnes"

(Hugo Stinnes Linien)

HAMBURGO

Servicio regular de vapores correos a os portos do
BRASIL, MONTEVIDEO e BOS AIRES

PROXIMAS SAIDAS DA CRUÑA

Ademitando carga e pasaxeiros de cámara, terceira especial e terceira ordinaria.

(Incruidos todol-os impostos)

Os pasaxeiros deben solicitar as prazas co'a maior anticipación, presentándose n'esta Axencia CINCO DIAS antes da saída do vapor.

Para informes dirixirse ao Axente da Compañía: *Roxe io Fernandez Conde.*—Feijóo, 4, baixo.—A Cruña.

Sud-Atlantica

Y

Chargeurs Reunis

PROXIMAS SALIDAS

Para os portos do Brasil, Montevideo e Buenos Aires dos modernísimos trasatlánticos rápidos de 16.000 toneladas de desplazamento, 10.000 cabalos de forza e dous hélices.

Precios en terceira crase (Incluídos impostos)

(Suxetos as variacións do cambio e sin impostos.)

TERCEIRA PREFERENCIA—En camarotes de 2, 4 y 6 camas, con comedores, salos de conversación e café cuberto, independentes. Precio n'esta clase: é o corrente de terceira mais un suplemento de 125 ptas.

TERCEIRA EN CAMAROTE—En camarotes de 2, 4 y 6 camas' con comedores, salos de conversación e cantinas: o precio de 442'60 ptas, incluídol-os impostos.

Remítiránse fotografías d'estas instalacións a quen as pida.

Facilitarán toda crás de informes os seus Axentes xenerales en Hespaña: ANTONIO CONDE, FILLOS.—Plaza de Orense, 2-A.—Telegramas y telefonemas *Chargeurs.*

Lloyd Real Holandés

AMSTERDAM

SERVICIO POSTAL RAPIDO A AMERICA DO SUR

Próximas saídas da CRUÑA para *Pernambuco, Bahía, Río Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos Aires.*

Precio en terceira crás
(incruídos impostos)

Correo rápido	ORANIA	26	Abril	442,60 ptas.
Correo rápido	FLANDRIA	17	Mayo	442,60 ptas.
Correo rápido	GELRIA	7	Junio	442,60 ptas.
Correo rápido	ORANIA	28	Juuio	442,60 ptas.
Correo rápido	ZEELANDIA	19	Junio	432,60 ptas.

Ademiten carga e pasaxeiros de 1.^a, 2.^a, intermedia e 3.^a crás. O vapor «Zeelandia» somentes admite carga e pasaxeiros de 1.^a, intermedia e 3.^a crás.

Todos estos vapores teñen a disposición dos pasaxeiros que viaxan en terceira crás corrente, amplios comedores fixos, magníficos fumadores, cubertas resguardadas, cuartos de baño, duchas etc, levando para servicio dos mesmos Camareiros, Enfermeiros e Cocineiros hespañoles.

Nenos menores de 2 anos, gratis; de 2 a 10, medio pasaxe; maores de 10, pasaxe enteiro. Para cumprimentar as disposicións arxentinas é indispensable que todo pasaxeiro presente a documentación con CINCO DIAS de anticipación á data de saída do vapor.

Para precios de cámara e prazas disponibles o Axente xeneral da Compañía en Hespaña: D. RAIMUNDO MOLINA E COUCEIRO, Consignatario. Representante xeneral da Compañía en Hespaña.—Marina, 22.—A Cruña.

Sobriños de José Pastor
BANQUEIROS

Casa fundada en 1776

A Cruña, Vigo, Lugo e Orense

Almacés de ferros, aceiros, metás, ferramentas e toda crás de ferretería

Fernández, Torres y C.^{ña}

Casa central: A CRUÑA

Linares Rivas, núm. 12

SUCURSAL: Cantón Pequeno, 9 e 10

Telefonos...) Urbano 75 e 78
) Interurbano 49

VIGO

Urzáiz, número 1 Teléfono 253

Os viños e coñas millores

os que exporta a casa PEDRO DOMEQ de Xerez da Fronteira, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouh máis selecto

de mundial e reconocida sona é o Cinzano (Torino).

Para viños de mesa

non hai outros com'os dos cosecheiros-exportadores señores

R. López de Heredia (Haro)

Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA—MADRID

Representante exclusivo (matriculado) de todas estas marcas:

José C. Juncosa

Galera 39 e 41 - 2.º piso—A Cruña

NOVELTY

Planchadeiro de moda - Grandes talleres

DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centrás: A CRUÑA, Cantón Pequeno 12

VIGO, Praza da Constitución, 12

Sucursás na Cruña: Estreita de San Andres, 12

Praza de Azcárraga, 4-San Agustín, 22

Sucursal en Vigo: Circo núm. 5

Total-as nosas sucursás ostentan un letreiro como sinal, que reproducen a marca de garantía xa conecida.

Recíbense encargos de fora, e espídense por meio das nosas sucursás. Si no lugar onde vostede reside non-a hai, sírvase manifestarnos seus desexos de mandar os seus encargos.

BANCO HISPANO AMERICANO

==== MADRID ====

Capital: 100 millóns de ptas.

Dirección telegráfica: HISPAMER

SUCURSAES E AXENCIAS

Albacete, Alcoy, Alicante, Antequera, Badajoz, Barcelona, Bilbao, Cádiz, Calatayud, Cartagena, Cruña, Cabra, Cáceres, Castellón, Ejea de los Caballeros, Figueras, Granada, Gerona, Huelva, Huesca, Játiva, Jaén, Jerez de la Frontera, Logroño, Las Palmas, Lérida, Lorca, Málaga, Murcia, Olot, Palma de Mallorca, Pamplona, Ronda, Sevilla, Soria, Tarrasa, Tudela, Valdepeñas, Valencia, Valladolid, Villafranca del Panadés e Zaragoza,

Compra e venda de valores hespañoes e extranxeiros.—Custodia de alhaxas e valores.—Desconto e cobro de cupós, títulos amortizados e billetes de Lotería.

Troque, compra e venda de billetes e moedas extranxeiras.—Cartas de creto, e xiro sobre todol-os países.—Cobro e desconto de letras.—Préstamos e contas de creto sobre valores nacionaes e extranxeiros.—Contas correntes en pesetas nas que abona intrses aos tipos seguintes:

2	por	100	ao	ano	nas	cartas	disponibles,	à	vista.
2 1/2	por	100	id.	id.	id.	id.	a	3	meses data.
2 3/4	por	100	id.	id.	id.	id.	a	6	id.
3	por	100	id.	id.	id.	id.	a	1	id.

Tamén abre contas en moeda extranxeira abonando intreses a tipos convencionaes.

Banco Español del Río de la Plata

Sucursal na Cruña - Casa matriz: BOS AIRES

FUNDADO EN 1886

Capital. . . pesos 100.000.000'00 m/ ou sexa Ptas. ouro 220.000.000'00

Fondo de reserva (incluída prima a recibir) Pesos 50.055.224'97 m/ ou sexa Ptas. ouro 110.121, 797'93

TEN SUCURSAES NOS PUNTOS SEGUINTEs:

REPÚBLICA ARXENTINA: (Casa matriz, Bos Aires), ROSARIO DE SANTA FÉ, BAHÍA BLANCA, e principais prazas da República

NO URUGUAY: MONTIVIDEO — NO BRASIL: RÍO XANEIRO

EN EUROPA: MADRID, BARCELONA, VALENCIA, VIGO, BILBAO, A CRUÑA, SEVILLA, PARÍS, LONDRES, XÉNOVA, E HAMBURGO

A Sucursal da Cruña encárgase de efectuar por conta dos seus clientes toda crás de operacións bancarias nas condicións máis favorabeis e acrétaará intreses nas contas correntes, tanto en pesetas como en moedas extranxeiras a tipos excepcionalmente ventaxosos

En conta corrente, intrés anual	2	por	100
En Caixa de aforros, con libreta hasta 1.000 pesetas.	3	»	»
En prazo fixo de tres meses	3	»	»
Idem id. 6 meses	3 1/2	»	»
Idem id. un ano.	4	»	»
A máis prazo			convencional

Dirección telegráfica é telefónica: SPAINBANK.